



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES

Expte.: 2018000029610

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A UTILIZACIÓN DE SERVIZOS NA RESIDENZA DE ESTUDANTES DO IES CALVO SOTELO DURANTE O CURSO 2018-2019**

**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

Logo dos informes da Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

### **RESOLVO:**

Aprobar a convocatoria para a utilización de servizos na residencia de estudantes do IES Calvo Sotelo durante o curso 2018-2019, segundo o seguinte texto:

### ***Convocatoria para a utilización de servizos na residencia de estudantes do IES Calvo Sotelo durante o curso 2018/2019***

Consonte coa liña de apoio aos concellos prevista na Lei 5/97 de administración local de Galicia, arts. 109 e 118, procede ofertar á xuventude da provincia da Coruña, os recursos cos que conta a Deputación provincial no IES Calvo Sotelo, que dispón de servizos de residencia e comedor, para realizar os estudos de Ciclos Formativos de Formación Profesional de grao básico, medio e superior.

#### **1.- Obxecto da convocatoria**

A presente convocatoria vai dirixida a ofertar os seguintes servizos durante o curso 2018-2019:

- \* Servizo de residencia
- \* Servizo de media-pensión
- \* Servizo de tique comedor/día

#### **2.- Prazas ofertadas**

A residencia ten capacidade para 70 prazas. Na páxina web do centro e no taboleiro de anuncios do IES publicaranse o nº de prazas reservadas e prazas ofertadas segundo o seguinte procedemento:

2.1- Quedarán reservadas as prazas correspondentes ao alumnado do IES Calvo Sotelo que promocione para segundo curso.

2.2- Tamén quedarán reservadas 10 prazas para o alumnado de F.P. de grao básico de nova adxudicación, cuxa convocatoria de matrícula está establecida en setembro.

2.3- Unha vez establecidas as prazas de reserva, serán ofertadas as restantes.

### **3.- Solicitantes**

Poderán solicitar os servizos ofertados as persoas que cumpran as seguintes condicións:

3.1- Formar parte do alumnado do IES Calvo Sotelo e non estar residindo no Concello da Coruña no momento da solicitude.

3.2- Con carácter excepcional e sempre que existan prazas vacantes, poderanse ter en conta circunstancias especiais ou situacións familiares graves, que precisen do uso de calquera dos servizos ofertados.

3.3.- Ás persoas solicitantes que non promocionen de curso só se lles adxudicará praza, no caso de que existan vacantes unha vez rematado o proceso de adxudicación de xullo ou setembro.

3.4.- As persoas que estean en posesión ou reúnan os requisitos necesarios para obter o título académico correspondente a un determinado nivel e modalidade educativa ou a un determinado ciclo formativo, non poderán obter praza de residencia para realizar estudos do mesmo nivel ou dun nivel equivalente. Non se aplicará esta causa de incompatibilidade cando, rematado o proceso de adxudicación de setembro, sigan existindo prazas vacantes.

### **4.- Baremo**

No suposto de que o número de solicitudes sexa superior ás prazas ofertadas, aplicarase o seguinte baremo de adxudicación:

4.1- Certificación académica: ata 10 puntos.

O rendemento académico valorarase numericamente en función da nota media que resulte do certificado oficial de notas do curso académico inmediatamente anterior (2017/18).

A nota media será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas, expresadas con dúas cifras decimais.

No caso de cualificacións expresadas de forma cualitativa, efectuarase a súa conversión á necesaria expresión numérica segundo a seguinte táboa de equivalencias:

- Aprobado= 5,5 puntos
- Ben = 6,5 puntos
- Notable = 8 puntos
- Sobresaliente = 9 puntos
- Matrícula de honra = 10 puntos

4.2- Por circunstancias persoais, familiares, sociais e económicas das cales derive unha problemática específica, así como o feito de residir en zonas con grandes dificultades de escolarización, poderán ser consideradas como supostos excepcionais e poderá outorgarse unha puntuación adicional de ata 10 puntos.

Para tal efecto, á vista da solicitude e demais documentación que achegue a persoa interesada, a Comisión de Valoración resolverá de forma motivada.

4.3- En caso de empate, empregarase o criterio de desempate recollido no art. 29.3 da Orde *do 12 de marzo de 2013* da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que para o curso 2018/19 pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/BaremoLetrasListaxe-buscar.action>

## 5.- Prezos públicos para o curso 2018-2019

De acordo coa Ordenanza Fiscal correspondente, as tarifas para o curso 2018-2019 son as seguintes:

- \* Servizo de residencia: 217,70 € mensuais
- \* Servizo de media-pensión: 64,75 € mensuais
- \* Servizo de tique comedor/día: 4,90 € diarios

Polo que se refire á obriga de pagamento, exencións, redución de tarifas e normas de xestión, será de aplicación o establecido na Ordenanza fiscal nº 12.

Convén sinalar que tal como figura no artigo 4.3 da citada Ordenanza “unha vez iniciada a prestación dos servizos de residencia e media pensión, só excepcionalmente, e por causa sobrevida convenientemente xustificada, poderá tramitarse subexpediente de solicitude de redución de factura prevista”.

A condición de adxudicatario/a de praza de residencia con exención ou bonificación do prezo público correspondente, é compatible coas axudas da convocatoria xeral de bolsas para o estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia.

## 6.- Documentación

As solicitudes, tanto para o alumnado novo como para aquel que xa tivo residencia no curso 2017/18 e desexe continuar estudos, deberán formularse no modelo normalizado que se facilitará no IES Calvo Sotelo ou que poderá descargarse na páxina web do IES, na seguinte ligazón: <http://www.iescalvosotelo.com/>

A solicitude deberá ser presentada na Secretaría do IES coa seguinte documentación:

6.1- Certificación académica do último curso realizado

6.2- Fotocopia do DNI da persoa solicitante e dos/as seus/súas representantes legais, de ser o caso

6.3- Certificado de convivencia familiar

6.4- Documentación acreditativa da situación socio-económica da unidade familiar:

- Achegarase unha copia completa e selada da declaración formulada para o pagamento do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano 2017. No caso de non ter a obriga de presentala, achegarán un certificado de Facenda no que conste este feito, e acompañarase das nóminas dos ingresos familiares.

- Ademais, de ser o caso, achegaranse os xustificantes de prestacións por desemprego, xustificantes de pensións, certificación de desemprego, prestacións sociais, etc.

- As persoas non obrigadas ao pagamento, exentas por familia numerosa e as que se acollan á redución da tarifa, deberán solicitalo expresamente na Deputación no momento da presentación da solicitude de prestación do servizo e deberán presentar a documentación acreditativa das circunstancias que lle permitan aplicar a correspondente exoneración de pagamento.

- Informe dos Servizos Sociais do concello de residencia da persoa solicitante, ou da Deputación, de ser o caso, naqueles supostos nos que exista unha problemática asistencial ou concorra unha circunstancia especial.

- Achegarse a documentación que proceda, para acreditar situacións familiares especiais: orfandade, discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidade, vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, etc.

6.5- Certificación orixinal dos datos bancarios para o pago do prezo, segundo modelo aprobado pola Deputación, (na sección se Servizos tributarios - impresos - domiciliación de recibo - orde de domiciliación) ou na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/servizos-tributarios/impresos-servizos-tributarios/domiciliacion-recibo/orde-domiciliacion/>

A documentación que se entregue en fotocopia terá que estar compulsada:

- \* Ou pola secretaría do IES Calvo Sotelo
- \* Ou pola secretaría do concello de residencia ou funcionario/a habilitado/a para o efecto
- \* Ou perante notario

## **7.- Prazos e lugar de presentación de solicitudes**

Os prazos de presentación das solicitudes serán os seguintes:

### **7.1.- PRIMEIRA CONVOCATORIA: XULLO**

Servizos de residencia ou de media pensión: ata o 31 de xullo.

### **7.2.- SEGUNDA CONVOCATORIA: SETEMBRO**

Servizos de residencia ou de media pensión: do 4 ao 21 de setembro.

As solicitudes presentaranse na secretaría do IES Calvo Sotelo, en horario de 9 a 13 horas.

7.3.- Servizo de tique comedor/día: as persoas usuarias o solicitarán diariamente antes das 11:45 horas, na secretaría do IES Calvo Sotelo.

## **8.- Comisión de Valoración**

Para a tramitación do proceso de adxudicación de prazas de residencia constituirase unha Comisión de Valoración integrada por:

- O director do IES
- A Orientadora do IES
- O Xefe de Residencia do IES
- A Coordinadora da Residencia

## **9.- Adxudicación**

A adxudicación das prazas na residencia do IES Calvo Sotelo seguirá o seguinte procedemento:

### **9.1- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL**

Unha vez revisada a documentación por parte da Comisión de Valoración, aprobarase unha adxudicación provisional de persoas admitidas na que se incluírán todas as solicitudes que cumpran as condicións establecidas na base 3 desta convocatoria.

Esta adxudicación provisional será aprobada polo Consello Escolar para cada unha das convocatorias, e publicarase no taboleiro de anuncios do Centro e na páxina web do IES Calvo Sotelo:

- O 7 de setembro- a primeira convocatoria
- O 28 de setembro- a segunda convocatoria

As persoas interesadas poderán presentar reclamacións nun prazo de 5 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación.

As reclamacións serán resoltas nun prazo de 3 días naturais.

## 9.2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

As persoas incluídas na adxudicación provisional, obterán a praza definitiva despois de que o Centro acredite a súa admisión no IES Calvo Sotelo e a formalización da matrícula correspondente.

A adxudicación definitiva aprobarase por resolución da Presidencia e nela farase constar o importe do prezo público que se ha aboar, en aplicación do disposto na Ordenanza fiscal reguladora; esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Centro e na páxina web da Deputación.

Esta resolución porá fin á vía administrativa e poderase recorrer de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9.3- Se tras o proceso de adxudicación definitiva queda algunha praza vacante, acudirase á listaxe de suplentes respectando a orde de prelación.

## 10.- Mantemento e reserva de praza de residencia

A admisión como residente e a formalización da dita admisión, supón a aceptación das normas de organización e funcionamento da residencia do IES Calvo Sotelo por parte do alumnado.

A perda da condición de alumna/o determinará a perda da praza de residencia.

Igualmente perderase a praza de residencia como consecuencia de sanción disciplinaria ou baixo rendemento académico, de acordo coa normativa vixente e logo do oportuno expediente.

A falsidade de datos ou falsificación de documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda dos dereitos das persoas solicitantes, sen prexuízo doutras responsabilidades á que dea lugar, despois da apertura do correspondente expediente.

## 11.- Protección de datos

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados nos seguintes ficheiros: alumnado do IES Calvo Sotelo cuxa finalidade é a xestión administrativa e académica do IES Calvo Sotelo, inscrito na Axencia Española de Protección de Datos co número de inscrición 2083510385.

O órgano responsable do tratamento é a Deputación Provincial da Coruña.

O solicitante ou o seu representante legal, logo de ler a información en materia de protección de datos que figura na solicitude, deberá prestar o seu consentimento ó tratamento dos seus datos persoais, a falta do cal non se poderá ter acceso ao servizo solicitado por imposibilidade de tramitación da solicitude.

Pode consultar información adicional na política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade)

Para calquera dúbida pode dirixirse as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 La Coruña, ou a dirección de correo [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso- administrativo, perante o Xulgado do Contencioso- administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección , no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.